



CONCELLO DE MESÍA

## MP Nº1 DO PXOM DE MESÍA PARA CLASIFICAR UNHA ÁREA DO TERMO MUNICIPAL COMO SOLO URBANO



**APROBACIÓN PROVISIONAL**

### **ANEXO V. INFORME DE ALEGACIÓNS**

POLÍGONO DO TAMBRE - VÍA LA CIERVA, Nº 15

15890 - SANTIAGO DE COMPOSTELA

Teléfono: 981 57 07 70 - Fax: 981 57 01 11

e-mail: [estudiotg@estudiotg.es](mailto:estudiotg@estudiotg.es)

**ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.**



## INFORME DE ALEGACIONES Á MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº1 DO PXOM DE MESÍA PARA CLASIFICAR UNHA ÁREA DO TERMO MUNICIPAL COMO SOLO URBANO

A modificación puntual nº 1 do PXOM de Mesía foi aprobada inicialmente en sesión plenaria de 24 de agosto de 2021, iniciándose o período de exposición ó público segundo anuncio do Diario Oficial de Galicia de 3 de setembro de 2021.

A exposición ó público levouse a cabo entre as datas de 4 de setembro e 4 de novembro de 2021, período no que foi presentada tan so unha alegación, a cal se pasa a informar de seguido.

### Alegación nº 1.

Número de rexistro: **1.857**

Data: **29 de outubro de 2021.**

Interesado: **Antonio Sánchez Carro**

### Resumen da alegación:

Primeira: Alega que a sentenza 449/2021 anula o Instrumento de Ordenación Provisional.

Segunda: Indica que, segundo a sentenza, o Instrumento de Ordenación Provisional contravén a Lei do Solo de Galicia e non cumpre os requisitos dispostos nos artigos 84 e seguintes da Lei 2/2017.

Terceira: Alega que os proxectos de equidistribución e urbanización tras a anulación do PXOM carecen de base legal ó terse anulado a norma á que se remitían.

Cuarta: indica que a referida sentenza indica que os terreos ten a consideración de solo rústico e que, en base a ela, o uso industrial non está permitido.

Quinta: Anulado o Instrumento de Ordenación Provisional e os proxectos de equidistribución e urbanización, e téndose declarado contrario á normativa urbanística o PXOM e o Plan Parcial a clasificación do solo que propón o Concello na Modificación Puntual resulta inaceptable e xuridicamente inustificable.

A modificación puntual do PXOM so tiña como obxectivo o establecemento definitivo das previsións recollidas no Instrumento de Ordenación Provisional.

Sexta: A aprobación da modificación puntual suporía un incumprimento do ordenamento xurídico e das reiteradas resolucións xudiciais, así como unha desviación de poder por pretender, coa modificación puntual, tan so que as instalacións industriais existentes sigan funcionando con normalidade.

Solicita que non se proceda á aprobación da modificación puntual.

### Informe da Alegación.

Ó respecto das cuestións plantexadas compre facer as seguintes consideracións:

Respecto do Instrumento de Ordenación Provisional.



A anulación do Instrumento de Ordenación Provisional está pendente a día de hoxe dos posibles recursos que poida presentar, na lexitima defensa dos seus intereses o Concello de Mesía.

Polo tanto non procede, a día de hoxe, entrar a valorar as cuestións que se derivan da sentenza á que se refire o interesado na alegación.

Porén resulta necesario realizar unha matización importante. A modificación puntual que se plantexa non deriva exclusivamente da aprobación do Instrumento de Ordenación Provisional, posto que, como se indica no apartado 2.1. da memoria, a modificación puntual nº 1 nace co obxectivo de *“Adaptar a clasificación do solo, no lugar de Campo, á realidade do planeamento executado, a cal entra en contradición coas NNSSP”*.

No apartado 2.2 da referida memoria indícase: *“Segundo as NNSSP que recobrarían vixencia se non se tramita a modificación puntual, e ao decaer a IOP, o solo S-03 delimitado no PXOM atópase clasificado como solo non urbanizable común e como solo non urbanizable de núcleo rural (planos de clasificación O-1.A e o plano O-4.20 de ordenación do núcleo rural de Alfonsín-O Campo), o cal resulta unha clara contradición coa realidade física dos terreos, totalmente urbanizados”*.

É dicir, a modificación que entre outras cuestións ven obrigada tanto pola anulación dunha parte do PXOM como pola redacción do Instrumento de Ordenación Provisional (as dúas cuestións e non so unha delas), ten como obxectivo fundamental clasificar unha parte do territorio de Mesía de acordo coa realidade física existente a día de hoxe.

Respecto do decaemento dos proxectos de equidistribución e urbanización, compre indicar que, aínda que na modificación puntual se mencionan recurrentemente, a cuestión principal que xustifica a modificación puntual é a súa materialización, que fixo que a día de hoxe a realidade física do ámbito non corresponda coa duns terreos rústicos se non urbanizados.

Esta cuestión, a do grado de urbanización dos terreos, é a principal que motiva a clasificación do ámbito proposta na modificación puntual como solo urbano.

En resumo, a modificación puntual resulta obrigada pola sentenza que anula unha parte do ordenamento municipal previsto no PXOM, e a revivificación das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, non adaptadas á lexislación vixente; e a clasificación proposta na modificación puntual, de solo urbano consolidado, obedece á comprobación da realidade urbanizada existente a día de hoxe, que encaixa no disposto no artigo 16 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

Polos motivos aludidos procede informar desfavorablemente a alegación presentada.

Mesía, xaneiro de 2022

Polo equipo redactor

Isidro López Yáñez

